

1.a) ESTILO DIRECTO


Discurso no que se citan as palabras ou pensamentos dos personaxes de maneira textual, precedidos dos “verba dicendi”: *dixo, afirmou, respondeu, manifestou, replicou...*

Exemplo: Discutiu co seu pai e espetoulle: “marcharei da casa e non me volveredes ver”.

1.b) ESTILO DIRECTO LIBRE

O narrador cede a súa voz e visión ao personaxe sen anunciálo previamente e sen nexos introdutorios nin guións.

Exemplo: Toda a cidade estaba eses días pendente da súa decisión. “*Está decidido, non vou dimitir*”.
O escándalo estaba servido.



2) ESTILO INDIRECTO


O narrador coas súas palabras condensa os enunciados ou pensamentos dos personaxes.

Exemplo: Discutiu co seu pai e díxolle que marcharía da casa e non o volverían ver.

3) ESTILO INDIRECTO LIBRE

Elimínanse nexos e marcas na cita, de xeito que o narrador asume a voz e visión dos personaxes.

Exemplo: Toda a cidade estaba eses días pendente da súa decisión. Dimitir, nin pensalo. O escándalo estaba servido.



Como identificar o estilo indirecto libre se non hai marcas de incorporación do discurso do personaxe?

- A imitación da forma de falar propia do personaxe.
- A aparición dun punto de vista distinto ao do narrador.
- A presenza de oracións con entoación propia.

Máis exemplos:

Aquel día recibira unha carta perfumada da súa amiga. Que emoción! Non quixo abri-la ata despois da comida.

De neno facíalle carantoñas cando se voltaba de costas e xa de mozo estívolle apuntando cun fusil desde o muro do pomar. Debera matalo entón. Agora sentiuse afogado de rabia e vergonza.

